

Protocolo de consenso sobre **TDAH** na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario

Alberto Veleiro

Orientador no CEIP Sofía Casanova
Vilaboa - Culleredo



Curso: Tratamento do TDAH desde o ámbito educativo



centro de
formación e recursos





educonvives.gal

Estratexia galega de convivencia escolar

2015-2020

Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario


A presenza do TDAH nos distintos ámbitos da vida dunha persoa fai necesario que a abordaxe se realice desde un enfoque interinstitucional, integral e de colaboración, cando menos, entre a familia, o sistema educativo e o sistema sanitario. Conscientes desa situación e da necesidade dunha coordinación axeitada, a Consellería de Sanidade e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicaron o **Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario**, co que se pretende contribuír á mellora da atención e á redución das dificultades que este trastorno ocasiona a diario na vida de moitas nenas, nenos e persoas adolescentes.

- ▶ [Protocolo de consenso sobre TDAH](#)

Protocolo de consenso sobre **TDH** na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario



Conclusiones do 3º Congreso de feaadah



(Granada, abril 2010)

Protocolos de actuación coordinada
 Queda patente de una forma tajante la necesidad de una actuación coordinada de las Administraciones implicadas en el tratamiento y la prevención de la aparición de las consecuencias que este trastorno puede llevar aparejadas: Sanidad, Educación, Políticas Sociales y Justicia. Para la eficacia de esta coordinación, la experiencia demuestra que el instrumento más adecuado es el establecimiento de protocolos que garanticen esta coordinación y actuación conjunta.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Finalidade

Contribuír á mellora da atención e á redución das problemáticas que este trastorno ocasiona a diario na vida de moitas nenas, nenos e adolescentes galegos.




Consenso...



- O TDAH é un trastorno real
- É frecuente
- Ten unha causalidade de carácter neurobiolóxico esencialmente hereditario
- Caracterízase por uns síntomas (inatención / hiperactividade-impulsividade) e unha repercusión negativa na vida da persoa
- Os síntomas varían ao longo do desenvolvemento
- Son variables segundo as situacións

Consenso...



- Definición do TDAH segundo o establecido no DSM
- Algunhas novidades do DSM-5 introducidas:
 - Presentacións (vs subtipos)
 - Variación dos síntomas segundo as situacións
 - Idade de comezo

Consenso...

- Contido do documento baseado nas guías de manexo do TDAH

Guía de Práctica Clínica sobre el Trastorno por Déficit de Atención con Hiperactividad (TDAH) en Niños y Adolescentes

GUÍAS DE PRÁCTICA CLÍNICA EN EL SNS
MINISTERIO DE SANIDAD, POLÍTICA SOCIAL E IGUALDAD




American Academy of Pediatrics
DEDICATED TO THE HEALTH OF ALL CHILDREN®

FROM THE AMERICAN ACADEMY OF PEDIATRICS

Guidance for the Clinician in Rendering Pediatric Care

CLINICAL PRACTICE GUIDELINE

ADHD: Clinical Practice Guideline for the Diagnosis, Evaluation, and Treatment of Attention-Deficit/Hyperactivity Disorder in Children and Adolescents



Análise da situación de partida



- Ausencia de datos sobre a prevalencia do TDAH en Galicia, nin do grao de repercusión no sistema educativo
- Evidencia de infrarrexistro nos servizos sanitarios
 - ▶ Case o 60% dos pacientes que reciben tratamento
- No ámbito escolar grande parte do alumnado con diagnóstico de TDAH carece de informe que o documente

Análise da situación de partida



Os datos obtidos nestes rexistros non foron dados a coñecer

- Ata o curso 2013-2014 non era posible rexistrar como tal ao alumnado con TDAH nas estatísticas oficiais (DRDADI, DRDORIENTA)
- Deficiencia no funcionamento coordinado dos servizos educativos sanitarios e no emprego de criterios de acordo co establecido nos consensos internacionais sobre TDAH

Análise da situación de partida

- Non colaboración no proceso de valoración
- Ideas sobre o TDAH non respaldadas pola evidencia
- Cuestionamento "a priori" do tratamento farmacolóxico

- Desconsideración dos datos sobre sintomatoloxía e repercusión aportados desde a escola
- Ideas sobre o TDAH non respaldadas pola evidencia
- Ausencia de informes escritos

- Deficiencia no funcionamento coordinado dos servizos educativos sanitarios e no emprego de criterios de acordo co establecido nos consensos internacionais sobre TDAH



O protocolo supón...

- Posibilidade de incremento da información básica sobre TDAH entre profesionais do ensino e a sanidade
- Instrumentos para incremento do fluxo de información e a coordinación
- Instrumento para diminución da variabilidade dos criterios de identificación, avaliación, intervención educativa e tratamento; e a súa adecuación aos consensos sobre TDAH



Contido do protocolo

- Actuacións por parte dos servizos educativos
 - ▶ Actuacións iniciais na familia
 - ▶ Actuacións do profesorado
 - ▶ Actuación dos servizos de orientación

Identificación

Intervención no
ámbito escolar

Colaboración
coa familia

Identificación

- Conxunto de procesos de recollida de información
 - Profesorado / servizos de orientación
 - Finalidade:
 - ▶ Establecemento de medidas de intervención
 - ▶ Información á familia
 - ▶ Información aos servizos de saúde

Informe psicopedagógico


Identificación

- O obxectivo do protocolo non é o incremento do número de nenos e nenas afectados en base a un cribado de indicadores de síntomas
- Recomendación de integrar medidas sobre a repercusión funcional apreciada (especialmente no ámbito escolar)

Síntomas

Inatención

Impulsividad
Hiperactividade



Repercusión

Familiar

Escolar

Social

Repercusión funcional

- A causa pola que se solicita o diagnóstico
- O verdadeiro obxectivo a longo prazo das intervencións é a normalización ou minimización da repercusión
- Constitúe o criterio para valorar o grao de eficacia das mesmas



(Pelham, Fabiano e Massetti, 2005)

Repercusión funcional

Repercusión escolar

- ▶ Baixo rendemento escolar, baixa produtividade
- ▶ Traballo lento, discontinuo. Non remata a tempo
- ▶ Mala calidade do traballo escolar (desordenado, con erros abundantes)
- ▶ Precisa supervisión individual
- ▶ Non se entera das instrucións xerais dadas ao grupo
- ▶ Mal rendemento nos exames e controis (peor do esperable polo seu nivel de coñecemento da materia).
- ▶ Problemas nos recreos (discusións, pelexas,...)
- ▶ Mal humor, carácter arisco
- ▶ Problemas para cumprir as normas e instrucións da aula
- ▶ Perturba a marcha da clase (cando falta á escola, a clase vai mellor)

Repercusión funcional

Repercusión escolar

- ▶ Atraso escolar (pode darse desde E.Infantil e é acumulativo)
- ▶ Falta de interese (“a escola é un rolo”)
- ▶ En xeral, rendemento escolar por debaixo do que podería ter
- ▶ Necesidade de máis atención que o resto do alumnado para conseguir un rendemento aceptable
- ▶ Necesidade de máis atención que o resto do alumnado para conseguir un comportamento aceptable
- ▶ Peores calificacións
- ▶ Máis repeticións de curso
- ▶ Máis abandonos prematuros
- ▶ Máis sancións disciplinarias
- ▶ Menor nivel de estudos acadado

Repercusión funcional

Instrumentos para a valoración da repercusión funcional

(Anexo III do Protocolo)

- ▶ T-SKAMP
- ▶ Escala de impacto funcional de Weiss (WFIRS-P)

T-SKAMP



Escala de Swanson, Kotkin, Agler, M-Flynn & Pelham para Profesorado

Mellora da comunicación entre profesorado e personal sanitario. Extende a cooperación e facilita a adherencia ás guías de manexo do TDAH beneficiando en definitiva aos afectados
Bhatara et al., 2006

Grao de dificultade	Non ten	Leve	Lixeira	Moderada	Importante	Moi severa	Extrema
Conduta na aula							
1. Comezar as tarefas, poñerse a traballar							
2. Manterse facendo o traballo durante o tempo establecido							
3. Atender as explicacións ou diálogos da aula							
4. Parar de facer o que estaba facendo e prepararse para a seguinte actividade							
5. Na interacción cos demais nenos e nenas							
6. Na interacción co profesorado							
7. Permanecer quieta ou quieto de acordo coas normas da aula							
8. Estar sentada ou sentado de acordo coas normas da aula							

T-SKAMP



Traballo escrito							
9. Rematar o traballo asignado							
10. Facer o traballo correctamente, sen erros							
11. Ser coidadosa ou coidadoso e limpa ou limpo nos traballos							
Xeral							
12.- Cumprir as instrucións do profesorado							
13. Cumprir as normas do colexio							
Escriba a continuación, de ser o caso, outros dous aspectos diferentes nos que a alumna ou o alumno presenta dificultades							
14. Rendemento escolar inferior ao seu potencial							
15. O seu comportamento altera a marcha xeral da aula							

Escala de Impacto Funcional de Weiss (WFIRS-P)



M.D. Weiss (2000)
Univ. da Columbia Británica
Canadá

		Nada ou nunca	Algo ou ás veces	Bastante ou a miúdo	Moito ou moi a miúdo	Non aplicable
A	Familia					
1	Problemas cos irmáns e coas irmás	0	1	2	3	n/a
2	Discusións entre a nai e o pai por cousas relativas a el ou a ela	0	1	2	3	n/a
3	Restou tempo aos membros da familia para o traballo ou outras actividades	0	1	2	3	n/a
4	Ocasionou discusións familiares	0	1	2	3	n/a
5	A familia deixou de participar en actividades sociais ou con amizades	0	1	2	3	n/a
6	Fixose difícil ter momentos nos que a familia gozase e puidese divertirse unida	0	1	2	3	n/a
7	Ser un bo pai ou unha boa nai resultou un traballo duro e difícil	0	1	2	3	n/a
8	Fíxose difícil atender debidamente aos outros membros da familia	0	1	2	3	n/a
9	Provocou situacións nas que houbo que berrarlle	0	1	2	3	n/a
10	Ocasionou gastos económicos	0	1	2	3	n/a

Escala de Impacto Funcional de Weiss (WFIRS-P)

B Escola						
	Aprendizaxe	0	1	2	3	n / a
1	Foi difícil conseguir que levase ao día as tarefas da escola	0	1	2	3	n / a
2	Precisou axuda extra na escola	0	1	2	3	n / a
3	Precisou apoio escolar	0	1	2	3	n / a
4	Recibiu notas inferiores á súa capacidade	0	1	2	3	n / a
	Comportamento	0	1	2	3	n / a
1	O profesorado dixo que causara problemas na aula	0	1	2	3	n / a
2	Recibiu castigos na aula	0	1	2	3	n / a
3	Tivo problemas no patio	0	1	2	3	n / a
4	Recibiu sancións ou adoptáronse medidas disciplinarias	0	1	2	3	n / a
5	Perdeu clases ou chegou tarde	0	1	2	3	n / a

Escala de Impacto Funcional de Weiss (WFIRS-P)

C Habilidades da vida diaria						
1	Uso excesivo da televisión, ordenador ou videoxogos	0	1	2	3	n / a
2	Dificultades no aseo e hixiene (manterse limpa ou limpo, cepillado de dentes, peiteado, etc.)	0	1	2	3	n / a
3	Problemas para prepararse para a escola	0	1	2	3	n / a
4	Problemas para ir á cama	0	1	2	3	n / a
5	Problemas coa alimentación (maniática ou maniático para comer, abuso da comida lixo)	0	1	2	3	n / a
6	Problemas para durmir	0	1	2	3	n / a
7	Feriu-se ou levou golpes	0	1	2	3	n / a
8	Evitou o exercicio físico (sedentarismo excesivo)	0	1	2	3	n / a
9	Precisou atención médica	0	1	2	3	n / a
10	Tivo problemas para tomar medicamentos, para poñer vacinas ou facer análises de sangue, para ir a ou ao dentista	0	1	2	3	n / a

Escala de Impacto Funcional de Weiss (WFIRS-P)

D Autoconcepto						
1	Sentiuse mal consigo mesma ou mesmo	0	1	2	3	n/a
2	Rara vez se divertiu	0	1	2	3	n/a
3	Sentiuse infeliz de como ía a súa vida	0	1	2	3	n/a
E Actividades sociais						
1	As e os demais fixéronlle burla ou metéronse con el ou con ela	0	1	2	3	n/a
2	Fixo burla ou meteuse cos demais	0	1	2	3	n/a
3	Tivo problemas con outras nenas ou nenos	0	1	2	3	n/a
4	Tivo problemas nas actividades extraescolares	0	1	2	3	n/a
5	Tivo problemas para facer novas amizades	0	1	2	3	n/a
6	Tivo problemas para conservar as amizades	0	1	2	3	n/a
7	Dificultades nas festas (non a ou o convidaron, non quixo ir, portouse mal)	0	1	2	3	n/a

Escala de Impacto Funcional de Weiss (WFIRS-P)

F	Actividades de risco	0	1	2	3	n/a
1	Deixouse levar facilmente polas e polos demais	0	1	2	3	n/a
2	Rompeu ou estragou cousas	0	1	2	3	n/a
3	Fixo cousas contra as normas ou a legalidade	0	1	2	3	n/a
4	A policía tivo que intervir en algo que fixo	0	1	2	3	n/a
5	Uso de tabaco	0	1	2	3	n/a
6	Uso doutras substancias	0	1	2	3	n/a
7	Fixo cousas perigosas	0	1	2	3	n/a
8	Fixo dano ás demais persoas	0	1	2	3	n/a
9	Linguaxe non apropiada	0	1	2	3	n/a
10	Conduta sexualmente non apropiada)	0	1	2	3	n/a

Avaliación dos síntomas

Instrumentos para a valoración da presenza de síntomas

(Anexo III do Protocolo)

- ▶ Escala de Conners para pais e nais
- ▶ Escala de Conners para profesorado
- ▶ SNAP-IV

Dado que os síntomas son variables segundo as situacións, é recomendable ter valoracións por parte dos distintos membros do equipo docente e en diferentes situacións

Avaliación dos síntomas

Instrumentos para a valoración da presenza de síntomas

Algunhas recomendacións

- ▶ Non cubrir os cuestionarios “en equipo”
- ▶ A falta de coincidencia nas valoracións non supón falta de fiabilidade ou validez das mesmas
- ▶ Non precipitarse ao establecer conclusións en base aos cuestionarios
- ▶ Os puntos de corte son orientativos e **non están validados na nosa poboación**

Outras dificuldades...

- **Cuestionario de Capacidades e Dificultades**
- Cuestionario Breve de varrido (25 ítems)
- Empregado extensamente: Saúde mental, Ensino, Investigación,...
- Complementase cunha entrevista estruturada (DAWBA)
- Sinxelo, de uso libre

SDQ



Robert Goodman

SDQ



Robert Goodman

	Non	Algo	Total mente
Respecta os sentimentos das outras persoas	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Inquieta ou inquieto, demasiado activa ou activo, non pode estar parada ou parado moito tempo	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Quéixase, a miúdo, de dor de cabeza, de estómago ou ten náuseas	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Comparte enseguida cos outros nenos e nenas (regalos, xoguetes, lapis, etc.)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
A miúdo colle desgustos ou enfados	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
É máis ben solitaria ou solitario, prefire xogar só ou soa	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Polo xeral é obediente, soe facer o que lle piden as persoas maiores	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Ten moitas preocupacións, a miúdo soe estar preocupada ou preocupado	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Ofrece axuda cando hai persoas feridas, enfermas ou preocupadas	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Está todo o tempo inquieta ou inquieto e rebulindo	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Ten, polo menos, un bo amigo ou unha boa amiga	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
A miúdo pelexa con outras nenas ou outros nenos, abusa delas ou deles	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
A miúdo séntese triste, chorosa ou choroso, desanimada ou desanimado	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Polo xeral gústalle ás outras nenas e aos outros nenos	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Distráese facilmente e perde a concentración	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

SDQ

Conduta prosocial

Emocionais

Relações cos iguais

Conduta

Hiperactividade
Atención

Dificultades
Internalizantes

Dificultades
Externalizantes

Dificultades
Totais

Información recollida no
ámbito escolar (Informe Psicopedagógico)

Información á familia
sobre as conclusións

É precisa unha valoración
polos servizos
sanitarios?

SI

Solicitud
de Informe

Xustificación
da entrega

Solicitud

D./Dna., con DNI nº
....., pai / nai titor /a legal do/a
alumno/a.....

SOLICITO,

Ao Departamento de Orientación a seguinte información de carácter psicopedagógico:

.....

.....

....., de de 201.....

Xustificante de entrega

Con data de de de 201..... RECIBÍN a información enriba solicitada, sendo informado/a polo/a Xefe/a do Departamento de Orientación de que a mesma ten carácter **CONFIDENCIAL**, asumindo por tanto a responsabilidade sobre a súa custodia e emprego.

Fun informado/a, así mesmo, de que os datos persoais contidos no mesmo teñen o carácter de *Datos Especialmente Protexidos* e que quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, e da posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

INFORME DE SEGUIMENTO PSICOPEDAGÓXICO

Informe educativo, confidencial, que se entregará á familia, representantes legais ou persoas gardadoras para o seu traslado aos servizos sanitarios



1. Datos da alumna ou do alumno

Apelidos e nome: _____ Data de nacemento: _____

Centro Educativo: _____ Teléfono de contacto: _____

Ensinanzas que cursa: _____ Curso ou nivel: _____

2. Motivo do Informe (seguimento dos servizos sanitarios)

3. Síntese da evolución psicopedagóxica desde a valoración anterior
(xuntar informes, se procede, do persoal orientador, do profesorado titular, do profesorado de PT e/ou AL)

4. Intervencións realizadas neste período
(psicopedagóxicas, curriculares, organizativas, familiares, etc.)

5. Coordinación con outros servizos

Profesionais que participaron na coordinación _____

Acordos adoptados:

INFORME CLÍNICO

Informe clínico, confidencial, que se entregará á familia, representantes legais ou persoas gardadoras para o seu traslado aos servizos educativos

1. Datos do paciente

Apelidos e nome: _____ Data de nacemento: _____

Centro Educativo: _____ Teléfono de contacto: _____

Ensinanzas que cursa: _____ Curso ou nivel: _____

2. Xuízo diagnóstico

3. Anamnese e evolución

4. Tratamento farmacolóxico

5. Recomendacións

Derivación a outro recurso ...

Intervención no ámbito escolar



Intervencións organizativas do centro



Plan Xeral de Atención á Diversidade



Intervencións de centro

Plan Xeral de Atención á Diversidade

Medidas ordinarias

- a. Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b. Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- c. Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d. Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

Intervencións de centro

Plan Xeral de Atención á Diversidade

Medidas ordinarias

- e. Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- f. Desdobramentos de grupos.
- g. Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- h. Programas de enriquecemento curricular.
- i. Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- j. Programas de recuperación.
- k. Programas específicos personalizados.
- l. Programas de habilidades sociais.

Intervencions de aula



Intervencións escolares

En moitos casos, os docentes levan a cabo moitas das intervencións escolares máis eficaces sen ser conscientes de que existe un caso de TDAH nin coñecer de maneira concreta o seu tratamento escolar




Son estratexias e principios metodolóxicos básicos desde unha perspectiva pedagóxica

O entorno da aula

Ubicación do alumnado

- Evitar distraccións
- Permitir control frecuente
- Evitar a segregación
- Seleccionar o/a compañeiro axeitado/a
- A ubicación debe ser continxente á conducta e o rendemento



Organización da aula

- Organizada, estruturada, informativa e predictable (uso de regras explícitas)
- Emprego de axudas visuais (carteis, esquemas, almanaques, horarios,...)
- Distribución de roles: encargados, axudantes,...



As tarefas

Adecuacións para o alumnado con TDAH

- Duración → brevidade
- Formato → variado
- Cantidade → priorizar
- Opcionalidade
- Emprego de actividades con soporte informático
- Controlar a duración das tarefas (uso de temporizadores, reloxo,...)

Calidade mellor que cantidade


É realmente imprescindible copiar os enunciados?



Intervencions centradas no/a alumno/a



Consideracións a ter en conta para o tratamento psicoeducativo do TDAH



Russell Barkley

O TDAH é un trastorno de:


- A actuación, non a habilidade
- Facer o que sabes, non de saber o qué facer
- Usar a experiencia no “punto da actuación”

Consideracións a ter en conta para o tratamento psicoeducativo do TDAH



Howard Abikoff


Consideracións a ter en conta para o tratamento psicoeducativo do TDAH



Philip Shaw

Shaw et al. (2007). Attention-deficit/hyperactivity disorder is characterized by a delay in cortical maturation. Proc Natl Acad Sci , 104

Consideracións a ter en conta para o tratamento psicoeducativo do TDAH



Russell Barkley

A REGLA DO 30%

3º Primaria	8	5a 7m
5º Primaria	10	7a 0m
1º de ESO	12	8a 5m
4º de ESO	15	10a 6m

Deseño da resposta educativa

Identificación das necesidades educativas

- Problemas conductuais na aula
- Desempeño escolar
- Atraso escolar
- Dificultades de aprendizaxe

Deseño da resposta educativa en base a:

- Recursos dispoñibles
- Posibilidades reais de implementación de maneira sostida



Colaboración coa familia



Intervencións coa familia

- O TDAH é altamente heredable
- 1 de cada 4 nenos e nenas con TDAH ten a un dos seus pais coa mesma condición.
- O TDAH é xenerador de estrés e conflitividade familiar.
- As dificultades de manexo das características asociadas ao TDAH afectan á autoestima e estilo atributivo parental (espec. materno).

Colaboación da familia



Dificultades que poden xurdir:

- Dificultades de organización e seguimento
- Rápida frustración se non hai resultados inmediatos
- Risco de abandono das intervencións
- Demandas pouco sensatas. Agresivas cara os axentes escolares

Colaboración coa familia

- Necesidade de orientación á familia sobre a natureza do problema
- Xerar un clima de colaboración estreita e un sentimento de “alianza”
- As melloras no manexo familiar é unha das intervencións con máis evidencia de eficacia



Colaboración coa familia

- Información fluída e frecuente
- Entender as dificultades
- Axustar as expectativas
- Non desesperarse ante a ausencia de resultados inmediatos



Colaboración coa familia

- Considerar o problema como unha consecuencia da mala crianza
- Cuestionar o tratamento farmacolóxico
 - Ofrecer un prognóstico sen posibilidade de mellora

- Considerar o problema como unha consecuencia da incompetencia docente
 - Cuestionar a actuación escolar e non colaborar

- Evitar confrontacións e culpabilizacións
- Traballar na diminución do impacto escolar



A axenda

- Seguramente, o alumnado con TDAH é quen ten máis necesidade de empregar unha **axenda escolar** como axuda para a súa organización.
- Seguramente, o alumnado con TDAH é que ten **máis dificultades** para manexar axeitadamente a axenda escolar.



A axenda



abalarMóbil

PARA AS FAMILIAS

“Avisos e notificacións”



XUNTA
DE GALICIA



Martes		
Lingua Castelá	○	
Inglés	○	
	○	
Matemáticas	○	
	○	
	○	
Coñecemento do Medio	○	
	○	
	○	
Recreo	○	
	○	
	○	
Música	○	
	○	
	○	
Lingua Galega	○	
	○	
	○	

Mércores		
Lingua Castelá	○	
	○	
	○	
Relixión	○	
	○	
	○	
Lingua Galega	○	
	○	
	○	
Recreo	○	
	○	
	○	
Coñecemento do Medio	○	
	○	
	○	
Matemáticas	○	
	○	
	○	

Intervencions coa familia






- Información documental

A collage of various resources related to ADHD. It includes:

- A blue circular graphic with the text 'Guía de asesoramiento familiar' and a small logo.
- A book cover titled 'DÉFICIT DE ATENCIÓN CON HIPERACTIVIDAD. Manual para padres y educadores' by Isabel Orjales Villar.
- A book cover titled 'Claves para afrontar la vida con un hijo con TDAH' by Isabel Orjales Villar, with the subtitle '«Mi cabeza... es como si tuviera mil pies»'.
- A book cover titled 'El niño con Trastorno por Déficit de Atención y/o Hiperactividad' with the subtitle 'TDAH GUÍA PRÁCTICA PARA PADRES'.
- A screenshot of a website with a navigation menu: 'Objetivos', 'TDAH', 'Síntomas', 'Diagnóstico', 'Tratamiento', 'Consejos', 'TDAH en el colegio', 'Blog', 'Entrevistas', 'Asociaciones'. The main content area shows 'Detectar el TDAH en el entorno escolar'.
- A screenshot of a book cover titled 'CONOCER EL TDAH' with the subtitle 'el primer paso hacia el diagnóstico'.
- A book cover titled 'Bienvenido a la vida' with the subtitle 'Manual de bienestar para padres'.


Intervencions coa familia

- Información documental



Intervencións coa familia

- Asesoramento sobre recursos asistenciais, educativos, normativa e lexislación



Intervencións coa familia

- Contacto con outras familias, asociacións, grupos de apoio



Colaboración coa familia

Traballar na diminución do impacto escolar desde a familia

- Axuda cos deberes, tarefas e estudo
- Colaboración doutros profesionais







Preguntas e dúvidas frecuentes sobre protocolo



- É o contido do protocolo de “obrigado cumprimento”?
- Cal é o papel do profesorado de apoio na atención do alumnado con TDAH?
- E en Educación Infantil?



**Moitas gracias pola vosa
atención sostida**

